



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA

Dña. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 12 de xuño de 2024 na Casa do Pescador do Concello de Miño, en relación ao punto da orde do día. "Devolución polo Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro das Zonas de Pesca (Consellería do Mar) da proposta definitiva de concesión de axudas da convocatoria 2024, presentada polo Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte", os membros da Xunta Directiva (estando presentes ou representados trece que conforman a Xunta Directiva) acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:

1. Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da reunión, a declaración de ausencia de conflito de intereses, e ausentáronse da mesma, no momento da votación do proxecto, no caso da súa implicación nos mesmos.
2. En aplicación ao estipulado no artigo 20 da Orde de Axudas do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto. Código do procedemento PE155A (DOG nº22 do 31 de xaneiro de 2024), a Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte elevou a público unha proposta de resolución definitiva de concesión de axudas na convocatoria 2024 o día 18 de abril de 2024, quedando subida toda a información relativa ao procedemento na aplicación informática do FEMPA.
3. O día 4 de xuño de 2024, o Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca (Consellería do Mar) procedeu á devolución da proposta de resolución de Xunta Directiva, tendo en conta o artigo 21.3. da orde de axudas, motivado en non estar conformes coas propostas acordadas desta directiva en catro dos proxectos propostos (un proxecto da partida 770 e tres proxectos da partida 780). Por tal motivo a Xunta Directiva, tomando como referencia os informes da xerencia deste Grupo elaborados para tal fin, acordan o seguinte, en relación aos seguintes expedientes:
 - **PE155A-2024-00011 "Hotel e viñomariteca Casa Maruxa"**. Eliminar da proposta de resolución definitiva este expediente, por non cumprir a entidade solicitante o requisito establecido no apartado ñ) do punto 1 do artigo 16 *"no caso de construcións que deban ser compatibles coas normas e directrices de espazos naturais, paisaxe ou patrimonio cultural, presentarán autorización ou informe favorable ou solicitude ante o órgano competente"*.
 - **PE155A-2024-00105 "E-DAM Narón espazo dinamizador, deportivo, ambiental e mariño"**. Eliminar da proposta de resolución definitiva este expediente. A entidade solicitante presentou unha renuncia á solicitude de axuda presentada.



Cofinanciado por
la Unión Europea



- **PE155A-2024-00117 "Mellora da Lonxa da Confraría de Barallobre. Fase IV"**. Manter a concesión da axuda nos termos establecidos na reunión de Xunta Directiva do día 18 de abril de 2024 unha vez revisado o informe elaborado pola xerencia deste Grupo e corrixidos os erros detectados.
 - **PE155A-2024-00196 "Centenario da Confraría de Barallobre"**. Minorar deste proxecto 212.900.- € do importe subvencionable, correspondente a diferentes partidas das anualidades 2024, 2025 e 2026 unha vez revisado o informe elaborado pola xerencia deste Grupo, por non ser considerados necesarios e/ou non estar suficientemente xustificadas. Axústase a proposta aos conceptos considerados subvencionables, quedando un importe subvencionable para a anualidade 2024 de 26.720.-€.
4. Realizadas as correccións oportunas, a Xunta Directiva eleva a público unha nova proposta de resolución definitiva de proxectos das partidas orzamentarias 770 e 780, así como de desestimados/inadmitidos das dúas partidas orzamentarias, tendo en conta as correccións realizadas nos expedientes anteriormente mencionados, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.
 5. Outorgase un prazo de alegacións de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte que será o día 12 de xuño de 2024, **para exclusivamente aqueles proxectos que sufriron modificacións: PE155A-2024-00011; PE155A-2024-00105 e PE155A-2024-00196.**
 6. Unha vez contestadas as alegacións (se as houbera), esta proposta de Xunta Directiva modificada pasará a ser definitiva, sobre a que a Consellería do Mar emitirá as resolucións de axuda.
 7. Informar que esta proposta de resolución definitiva modificada de proxectos das partidas orzamentarias 770 e 780, así como de desestimados/inadmitidos das dúas partidas orzamentarias publicarase na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia).
 8. Xúntase como anexo a esta proposta de resolución modificada de Xunta Directiva:
 - o Anexo I. Proposta de resolución modificada Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 770 (mínimis)
 - o Anexo II. Proposta de resolución modificada Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 780
 - o Anexo III. Proposta de resolución modificada de Xunta Directiva desestimados/inadmitidos (770 – 780)
 9. Esta nova proposta de resolución de Xunta Directiva para proxectos das partidas 770 (mínimis) e 780, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2024, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade de crédito orzamentario de crédito para as partidas orzamentarias 770 e 780 para esta convocatoria 2024.

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 12 de xuño de 2024

Visto e prace

José Manuel Fernández Lage
Presidente

Teresa María Oujo Reino
Secretaria



Cofinanciado por
la Unión Europea